

OO O CICLO DE *PERFORMANCES* DO CGAC / 2008

Carmen Hermo Martínez

O Ciclo de *Performances* do CGAC acadou a súa terceira edición, seguindo coa intención de poñer en conexión o contorno máis próximo do CGAC coa práctica da arte de acción, e darlle un espazo fóra dos hábitos da cultura convencional para a amosar en lugares onde se desenvolve a vida cotiá; téntase que o público e o artista se vexan implicados no aquí e no agora co parque de Bonaval como escenario.

Como en anos anteriores, cada mércores do mes de agosto ás oito e media da tarde, levouse a cabo unha acción distinta, con traballos de artistas ben diferenciados entre si, tratando deste xeito de crear un pequeno abano que enriquecese as posibilidades do espectador de achegarse a unha das prácticas creativas menos coñecidas, pero, non por iso, con menos potencial na arte contemporánea. É por iso que no CGAC temos esta cita anual específica coa *performance*, aínda que, moitas veces, este tipo de prácticas estean xa integradas nalgúns dos proxectos e exposicións do centro.

Pódese situar o nacemento da arte de acción na década de 1960, coa proliferación dos *happenings* e *performances*, coa súa fusión con variadas manifestacións artísticas como a danza ou a pintura, e coa finalidade de comunicar a experiencia humana en toda a súa gama expresiva. Desde eses inicios e ata agora, da man das transformacións socioculturais, a arte de acción foise reconvertendo, cambiando, expandindo e facendo complexa, para dar lugar ao actual e amplo espectro de posibles presentacións. É por isto que resulta difícil que exista un corpo teórico que agrupe as posibilidades deste medio artístico.

Aínda que hoxe en día non se poida afirmar que existan unha serie de características que lle dean coherencia ao conxunto das manifestacións da arte de acción, existen unha serie de elementos formais arredor dos que xira a *performance*: a presenza/corpo (que pode ser directa, diferida ou evocada), o tempo (real ou ficticio) e o espazo (o lugar onde transcorre unha acción concreta). As combinacións posibles entre estes elementos dan lugar a unha infinidade de posibilidades para lograr, deste xeito, que as *performances* posúan unha flexibilidade pouco común e uns límites certamente difusos que non paran de agrandarse e de construír conformacións expresivas novas e moi variadas; o que non significa que una *performance* poida ser calquera cousa.

Nesta terceira edición do programa de *performances* feito no verán, nas inmediacións do parque de Bonaval, especialmente concibida para este relevante ano 2008 en que o CGAC conmemorou o seu 15.º aniversario, puidemos contar coa participación de catro artistas nados a finais da década de 1970, todos eles moi representativos da nova escena da arte contemporánea máis dinámica: Félix Fernández e María Marticorena foron os dous galegos que participaron no ciclo, aos que se lles sumaron o catalán Miquel Noguera e a artista portuguesa María Gil. Os catro, partindo deste punto xeracional común, despregaron o seu traballo en catro direccións case tan opostas coma os puntos cardinais, tan opostas e plurais como a miúdo acostuma ser a arte contemporánea e tan variadas como é a *performance* hoxe en día.

María Marticorena

María Marticorena (A Coruña, 1977) licenciouse en Belas Artes na Universidade de Vigo e é diplomada en Conservación e Restauración de Bens Culturais. Foi a gañadora do 1.º premio de Artes Plásticas Gzcrea 06 e participou en residencias de artistas como VII Xuntanza Obradoiro

Internacional das Artes Plásticas A Solaina (Pontevedra) e Harlech Internacional Artists Residencies, ICAW 05 Gales (Reino Unido). A súa primeira exposición individual foi *Hairy Situations*, realizada entre os anos 2007 e 2008, na Hans Payan Art Gallery e en Mari Ari (*showroom*) Houston, Texas, EUA.

A golpe de yo-yo, las reglas las pongo yo

A *performance* de María está especialmente concibida para facerse no parque como unha especie de *site specific*, que responde a un espazo concreto. Tomando como referencia os arcos das ruínas do parque, María utiliza o corpo e o esforzo físico para facer rodar un *yo-yo* botafumeiro, que a artista concibe e elabora para esta acción en concreto. A outra referencia, obviamente, é á igrexa de Santiago, xa que o obxecto que chamamos *yo-yo* recorda o incensario que se emprega na catedral. A acción comeza na mesma porta de entrada do CGAC, desde alí vai portando o obxecto, ata chegar á zona dos arcos. Abre a peza e prende lume para que poidan queimarse a distintas esencias que garda no interior. Amodiño sobe por unha longa escada de man ata chegar ao cumio, onde suxeita por un arnés, senta e comeza a facer rodar o *yo-yo*. A choiva que cae con forza, lonxe de estragar a escena, énchea de intensidade dramática. A auga esvara polo pelo, a cara... e empapa o vestido branco que María viste para a ocasión. A acción remata cando esgotada, a artista decide finalizar.

Miguel Noguera

As súas primeiras participacións teñen lugar en Barcelona. Logo de licenciarse en Belas Artes, Miguel Noguera (Barcelona, 1979) recibe en 2005 o 1.º premio na modalidade de obra no Concurso de Artes Visuais Miquel Casablanca, Centro Cívico Sant Andreu, Barcelona. Participa en exposicións colectivas como *Los Géneros*, *Historias Diferidas*, para Caja Madrid ou no Proxecto *Versus*, no Centre Civic Can Felipa, Barcelona. Desde 2004 realiza *Ultrashow*, un espectáculo itinerante en solitario producido por Yproductions, o último en 2007 xunto a Michael Jackson na Rambla de les Drassanes.

Ultrashow, Jesús Mariñas

O único requisito para realizar a acción de Miguel era o público e o espazo que separaba a ambos os **dous, porque** a obra resólvese na interacción directa entre os asistentes á *performance* e a actuación do artista. Diante do atril e co micro na man, Miguel Noguera comeza a desenvolver o seu monólogo, a crear esperpentos que parten de realidades cotiás, como as mensaxes que un escoita durante un voo en avión, conversas de traballo, noticias da televisión, charlas de café etc. Non existe unha narración continua, nin unha historia lineal con desenlace, senón que son pequenos *gags* que vai desenvolvendo segundo a resposta do espectador cara a eles. Non improvisa, pero tampouco mide. Os monólogos succédense uns a outros sen tregua e case enche os sesenta minutos que abrangue a acción coa intensidade e incluso a sobreactuación do propio *performer*, que pouco a pouco intensifica o discurso e chega ata a un paroxismo interpretativo onde parece quedar «posuído» pola propia intensidade das palabras e a xesticulación. Achéganos, así, a un tipo de humor difícil en ocasións, noutras vulgar e groseiro, que axudado pola xesticulación explicativa do artista consegue acadar a risa do espectador cómplice do seu sentido do absurdo.

María Gil

É directora de teatro e *performer*. María Gil (Lisboa 1978) licenciouse en Formación de Actores e Directores na Escola Superior de Teatro e Cine de Lisboa. Participou na 2.ª edición do Curso de

escenografía de teatro do Programa Gulbenkian Creatividade e Creación Artística, 2007. É a fundadora do Teatro do Silencio e actualmente realiza unha investigación en materiais autobiográficos e intimidade no Departamento de Teatro da University of Glasgow, Escocia.

Glasgow 4, o nome de todas as rúas

Nun ángulo do parque hai unha cadeira e un xiradiscos enriba dunha caixa de cartón. Os obxectos transmiten a impresión de mudanza, de provisionalidade. Como punto de partida, unha premisa autobiográfica: vivir catro meses nunha cidade descoñecida e construír un espectáculo, a partir desa experiencia. Que facer para pertencer a esa cidade? Todo é estraño: «(...) A comida é estranha. As persoas são estranhas. O autocarro é estranho. Os condutores de autocarro são estranhos. As ruas são estranhas. Os cães são estranhos. As árbores são estranhas. O río é estranho. Os patos e os esquilos são estranhos. O tránsito é estranho. A lingua é estranha (...)» Serán cincuenta minutos en que María Gil buscará a complicidade do espectador, bailará co público, abrazarao, de xeito que todo ese grupo de estraños acabará, dalgún xeito, por deixar de selo para compartir con ela a estrañeza e a experiencia do desarraigamento, a soidade e a vulnerabilidade de vivir nun lugar alleo.

Félix Fernández

É un artista en continuo movemento. Félix Fernández (Viveiro, 1977) estudou **escultura** na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Realiza exposicións en solitario como Cajas Negras, no Museo Provincial de Lugo, en 2006, e Rompiendo Ciclos, na Galería C5 de Santiago de Compostela, en 2007. Participa en múltiples proxectos nos últimos anos como os ciclos Vídeo Heroes (2006) e I love you (2008), no CGAC, e tamén na XXX Bienal de Arte de Pontevedra que se celebra en xullo de 2008. Destacan entre os seus traballos de *performance* e danza a súa intervención nas II Xornadas de Arte de Acción Chámalle X en Pontevedra en 2005 e no programa Invertebrados 06, na Casa de América en Madrid en 2006.

El desertor

O título da canción composta por Boris Vian, «Le déserteur», serviulle a Félix para darlle nome á acción *El desertor*, para conectar cunha enerxía de cambio, de mutación, como tamén de morte e vida. Manifestan o acto de rebeldía que supón rexeitar algo co que un se sentiu unido nun pasado. No medio do céspede, está un home semienterrado, como plantado no medio da herba, ordenando e desordenando barallas, que levan impresas bandeiras. Ao pouco tempo préndelles lume, acometendo un ritual case litúrxico. Agarra unha máquina afeitadora e rápase o pelo, mentres unha baba negra lle sae de entre os beizos. Estira os brazos e sae do burato arrastrándose polo chan, cara a un columpio, pon nel o seu peito e balancéase dun xeito estraño. Pouco a pouco sobe e canta:

Hombres bobos

Chicas solas

Lobos muertos

Ríos secos

¡Me muero por ser feliz!

¿Te explico lo que es amor?

A canción, de base electrónica, soa coma un himno melancólico e desgarrado. Acaba a acción colgado boca abaixo do bambán.